

## **ACORDOS DA COMISIÓN PERMANTE**

Sesión do 22 de febreiro de 2013

- Aprobación do PDA do curso 2013/2014
- Aprobación da ampliación do límite de prazas no Grao de Historia da Arte, de 80 a 100 alumnos
- Aprobación de dous cambios horarios

## **Resumo acordos Comisión Permanente Xunta de Facultade do día 16 de Maio de 2013.**

- Apróbase a modificación do PDA das áreas de coñecemento do Departamento de Xeografía no Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio e no Grao de Arte.
- Tamén é aprobada a modificación do PDA das áreas de coñecemento do Departamento de Xeografía no Master en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.
- acto acto no que se fará entrega das medallas da Facultade ó persoal recentemente xubilado, será o día 28 de Xuño, as 12 horas. A continuación, para quen o desexe, haberá unha comida cuxo importe será pagado polos comensais.
- De cara ás peticións de accións de mellora, vaise pedir, en primeiro lugar, o cambio das 24 CPU da aula 4 de Informática.
- De cara á próxima apertura do período de programación das materias para o vindeiro curso académico, tomáronse as seguintes decisións:
- Nas materias que vaian ter prácticas de campo financiadas pola Facultade, debe constar, explicitamente, que se trata de prácticas obrigatorias e avaliáveis, e que a súa realización está supeditada á dispoñibilidade de financiamento no caso de que se trate de desprazamentos fóra de Santiago.
- No caso das dispensas, apróbase que a Comisión Académica valorará aquelas peticións que considere fundamentadas e informará ós profesores responsables desas materias. De non mediar informe contrario do profesor, emitirase o informe pertinente á Comisión Permanente.  
No caso de que esta Comisión, finalmente, concedera a dispensa, o profesor pode propoñerlle ó alumno un sistema de traballo e avaliación individualizado.
- Tramítase cambio de horario no Grao de Xeografía a petición do profesor López Andión, por coincidencia horaria parcial con outra materia que vai impartir.

## ACORDOS DA COMISIÓN PERMANENTE

Sesión do 21 de marzo de 2013

- A falta da definitiva adjudicación de aulas, apróbanse os horarios para o curso académico 2013-2014. Lémbrese que o Grao de Historia cambia a orde das quendas de mañá e tarde.
- Apróbanse os calendarios dos Traballos Fin de Grao e Prácticas Externas para o vindeiro ano académico
- Por coincidencia horaria de dúas asignaturas impartidas polo mesmo profesor no Grao de Historia de Arte, apróbase modificación do horario
- Acéptase rexistro da tese de Licenciatura de D. Martín Paradelo Núñez titulada “A imaxe no retrovisor. Sobre o alcance crítico dos medios de representación en canto ao sentido social de espazo urbano”, que vai ser dirixida polo profesor Xosé Nogueira Otero
- Neste verán a aula de informática do segundo andar vai pasar á actual aula de uso libre dos alumnos, quedando ésta na aula 17.

## **Acordos da Comisión Permanente da Xunta de Facultade do día 19 de xullo de 2013**

- Apróbase a asignación de titores dos 160 TFG do curso 2013/2014
- Tamén foi aprobada a composición da comisión de prácticas externas da Facultade.
- Inclúese na relación dos TFG do Grao de Xeografía do curso 13/14 o traballo proposto por Alberto Núñez Rubinos, dirixido por Valeriá Paul.
- Modifícase, a petición da profesora Andrea Garrido, horario da asignatura Lexislación Medioambiental para o vindeiro curso.
- Rexeitar, polo momento, as solicitudes feitas polo alumno da Licenciatura de Historia, Iago Urgorri, de dous TAD a realizar dentro dun grupo temático da Licenciatura de Historia da Arte.

## Resumo dos acordos da Comisión Permanente da Xunta de Facultade do 13 de setembro de 2013

- Modificación do PDA no tocante ás materias *Climatoloxía* do Grao de Xeografía. Apróbase desdoblamento grupos interactivos por falta de espazo na aula de Informática.
- Traslado da materia *Ocupación do territorio no Noroeste peninsular*, do Máster de Arqueoloxía e CC. Antigüidade, do 1º ao 2º cuatrimestre.
- Ratificación dos cambios de grupos aprobados pola Comisión Académica. Só foron aprobados aqueles debidamente xustificados e que non implicaran cambio de profesor.
- Cambio de aulas entre 1º A do Grao de Historia e 4º de Historia. As clases que os alumnos de 4º de Historia tiñan pola mañá na aula 9, na que non collen, pasarán a ser na aula 8 e viceversa
- Cambio entre os horarios das interactivas das materias de *Hª e cultura de Época Antiga* e *Historia da Arte Prehistórica e das Altas Culturas*, de 1º de Historia da Arte
- Cambio de horarios das expositivas entre as materias *Hª Moderna de España* e *Historia Contemporánea de España II*, de 3º de Historia.
- Por causas médicas apróbase a solicitude do alumno JMBM, do Grao de Historia, para poder defender o seu TFG nun prazo especial.

## **Resumo dos acordos da Comisión Permanente da Xunta de Facultade do 22 de novembro de 2013**

- A comisión xulgadora do premio Extraordinario Fin de Grao quedará integrada polo Decano mais os directores dos departamentos do centro
- Apróbase o calendario de defensa dos TFG. Para a primeira oportunidade serán os días 16,17, 21 e 22 de Xullo. A segunda oportunidade vaise desenvolver entre os días 1-4 de Setembro.
- Apróbase rexistro das memorias de licenciatura de SPG e BCD, dirixidas pola Profesora Rei Castelao